Concurso: **#ApuntasTech**
Categoría: **Secundaria**

# Recoñéceas

## *Obxectivo:*

Dar a coñecer a importancia das mulleres nas TIC, ademáis de que os rapaces e rapazas se divirtan e aprendan a utilizar as novas tecnoloxías e a traballar en grupo.

## *Materiais:*

- Pizarra tipo veleda (pode ser grande ou pequena).
- Rotuladores de distintos cores.
- Cámara (ou calquera dispositivo con unha cámara).
- Unha gravadora (mesmo a dun teléfono móbil) para gravar a historia por separado.
- Trípode ou algún tipo de soporte para a cámara ou dispositivo.
- Un editor de vídeo (nós utilizamos VivaVideo para editar o vídeo e aceleralo e Clipchamp Create para engadir o audio).
- Ordenador, tablet, teléfono móvil.... Para editar o vídeo.

## *Divertido para as nenas:*

O proxecto é moi parecido a o famoso “draw my life” de youtube, que se adoita facer sobre a vida dos famosos. A diferencia é que nós querémolo orientar sobre unha idea máis científica e didáctica. Mediante este proxecto, as rapazas, como tamén os rapaces poden aprender cousas sobre a importancia que tiveron as mulleres na ciencia creando historias sobre elas. Ademais potencia a capacidade de

expresión a través da  elaboración de historias.
Este proxecto é ideal para o traballo en grupo, xa que se pode por en marcha nun grupo grande e repartir as distintas tarefas entre grupos máis pequenos. De maneira que un grupo de persoas se encarguen da búsqueda de información, outro da creción da historia, outro da grabación do audio, outro do debuxo, outro da gravación do vídeo, e outro do ensamblaxe de todas estas partes igual de importantes. Parécenos que é un proxecto ideal para traballar en grupo xa que as distintas tarefas son moi fáciles de repartir.
Pode resultar divertido aprender a elaborar un tipo de animación, que é o que realmente é, para despois realizala sobre calquera tema de interese.
O motivo polo que pensamos que esta actividade lle pode gustar especialmente ás rapazas é porque  se pode enfocar en temas de interese das mesmas.

## *Curso ao que vai dirixido:*

Pódese traballar en calquera curso. Adáptanse  contidos e intereses aos diferentes cursos.

## *Exemplo:*

Ánxela Ruiz Robles

***Curso***: 3º ESO, grupo B

***Centro Escolar***: IES de Brión

***Correo do centro***: ies.brion@edu.xunta.es